

Tema 12.- Medidas de seguridade, higiene e contral no desempeño do posto de traballo.

Cerdedo, 17 de Marzo de 1997.—O Alcalde, ilexible. 4458

## MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

### EDITO

O Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, en sesión celebrada o día 10 de abril de 1997, acordou prestar a súa aprobación ó Presuposto Xeral, as Bases de execución e o cadre de persoal desta Mancomunidade, que deberán rexer durante o exercicio económico de 1997.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 112.3 da vixente Lei Reguladora das bases de Réxime Local e artigo 150 da Lei 39/88, en relación co artigo 151 desta última disposición legal, o devandito documento exponse ó público nas oficinas da Mancomunidade na Vía Hispanidade, 17. VIGO, durante o período de 15 días hábiles, no transcurso dos mesmos os interesados poderán examinalo e presentar ante o órgano que adoptou o acordo as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobados automáticamente de maneira definitiva o Presuposto a as súas Bases de Execución e Cadro de Persoal que deberán rexer durante o ano 1997.

Vigo, 11 abril 1997.—O Presidente, Agustín Reguera Ocampo. 4466

### EDITO

Por acordo plenario da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do día 10 abril 1997 foi aprobada definitivamente a modificación dos Estatutos co seguinte texto:

### CAPÍTULO I

#### DA CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE

##### ARTIGO 1.—MUNICIPIOS INTEGRANTES DA MANCOMUNIDADE

Integran a Mancomunidade os Concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Pazos de Bóboden, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo. Poderán adherirse con posterioridade outros Concellos, previa solicitude dos mesmos e acordo do Pleno da Mancomunidade.

##### ARTIGO 2.—DENOMINACIÓN

A Entidade local supramunicipal ou intermunicipal constituída ó abeiro destes Estatutos denominárase MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

##### ARTIGO 3.—SEDE

A sede da Mancomunidade fixase de modo provisoriamente na rúa da Hispanidade, nº 17, da cidade de Vigo.

A sede definitiva será establecida polo Pleno da Mancomunidade co voto favorable das dúas terceiras partes dos membros presentes.

##### ARTIGO 4.—VIXENCIA

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo ten un prazo de vixencia indefinido, sen prexuízo do previsto nestes Estatutos sobre a disolución da Mancomunidade.

##### ARTIGO 5.—PERSONALIDADE XURÍDICA

De conformidade co artigo 44.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, a Mancomunidade terá plena personalidade xurídica para cumplir os seus fins e, xa que logo, poderá adquirir, posuér, reivindicar, permutar, gravar e allear todo tipo de bens; contratar, establecer e xestionar os servicios públicos que se sinalan nestes Estatutos como propios da súa competencia; interpoñer recursos e exerce-las accións que estime segundo as leis aplicables, sen máis limitacións que as previstas na normativa vixente e consoante coa súa natureza de Entidade Local Municipal e ás normas contidas nestes Estatutos.

### CAPÍTULO II

#### DOS FINS DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

##### ARTIGO 6.—FINALIDADES E SERVICIOS

1) A Mancomunidade terá por obxecto as seguintes finalidades:

Cooperación nos servicios de seguridade cidadá, abrangendo tanto a policía urbana como a rural e buscando solucionar os problemas de circulación, coordinando as Policias Locais.

Protección Civil, coordinando os medios dos diferentes concellos na programación da preventión en casos de calamidades ou catástrofes públicas ou de natureza análoga que podan afectar ós concellos da Mancomunidade ou a algúns determinados nun caso concreto e, de protección e socorro no caso de que se produzcan ditas situacións.

Prevención e extinción de incendios.

Abastecemento de auga potable e saneamento; ordenación integral dos devanditos servicios, tanto no litoral como no interior.

Recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos, industriais e sanitarios.

Transporte público en servicios urbanos e rurais.

Desenvolvemento dos servicios sociais.

Acción cultural común a tódolos concellos.

Loita contra a droga nos seus diferentes aspectos de prevención, colaboración coas Forzas de Seguridade do Estado e Administración Xudicial; asistencia e reinserción dos toxicómanos.

Protección do medio ambiente, cunha acción unitaria entre os diferentes concellos.

Protección dos montes cos instrumentos e normas necesarias para o devandito fin.

Ordenación urbanística, mediante o planeamento correspondente, mesmo a xestión da redacción dun Plan Director de Coordenación Comarcal, para realizar na forma que se disponga de conformidade cos órganos da Comunidade Autónoma.

Fomento do desenvolvemento dos concellos que componen a Mancomunidade, realizando as peticionés e xestións coas diferentes Administracións competentes nos diferentes aspectos: turístico, vías de comunicación, infraestructuras e servicios, portos, acondicionamento do litoral, transportes, educación, seguridade cidadá, e en tódalas materias en xeral que poidan ser comúns ós concellos que componen a Mancomunidade e que esixen unha acción unida dos mesmos; así como a outras institucións ou empresas, a fin de lograr, das Administracións Públicas ou do sector privado, os correspondentes investimentos nas diferentes actividades económicas ou de servicios.

- 2) A Mancomunidade organizará e prestará, segundo as súas posibilidades vaian permitíndoo e o Pleno da Mancomunidade o acorde, servicios de competencia municipal que estean incluídos nas finalidades anteriores.
- 3) Os efectos da prestación dos servicios comprendidos nas finalidades do apartado número 1) do presente artigo pola Mancomunidade, enténdense excluídos da competencia da Mancomunidade os servicios non expresamente relacionados e os xa establecidos polos concellos membros xestionados en réxime de monopolio ou, os xa outorgados a empresas baixo as modalidades de xestión indirecta, ata o vencemento do prazo contractual en cada caso, e sen prexuízo dos acordos que se poideran establecer pola Mancomunidade cos respectivos

concellos membros e as empresas prestadoras de tales servicios.

#### **ARTIGO 7.—FORMAS DE XESTIÓN**

O Pleno da Mancomunidade determinará a modalidade de xestión a empregar para cada servicio concreto, dentro das previstas pola lexislación de Réxime Local vixente.

### **CAPITULO III**

#### **ÓRGANOS DE GOBIERNO E ADMINISTRACIÓN**

#### **ARTIGO 8.—GOBIERNO E ADMINISTRACIÓN**

1) O goberno e maila administración da Entidade corresponderalle ós seguintes órganos segundo o previsto nestes Estatutos:

Pleno da Mancomunidade

Comisión de Goberno

Presidente

Tres Vicepresidentes

2) A Mancomunidade disporá, entre outro, do seguinte persoal funcionario con habilitación de carácter nacional:

Secretario

Interventor

Tesoureiro

3) Créase o posto de traballo de Xerente.

4) Poderánse crear no cadre de persoal da Mancomunidade, Directores de Servicios.

#### **ARTIGO 9.—PLENO**

O Pleno da Mancomunidade é o órgano superior de goberno desta, á que representa como corporación de dereito público.

Cada concello membro estará representado no Pleno da Mancomunidade polo seu Alcalde e más por outros representantes designados polo pleno de cada Concello entre os seus membros corporativos na seguinte proporción:

Concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.	1
Concellos con poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes	2
Concellos con poboación entre 10.000 e 25.000 habitantes	3
Concellos con poboación entre 25.000 e 100.000 habitantes	4
Concellos con poboación superior a 100.000 habitantes	7, más un representante máis por fracción de 25.000 superando os 100.000 habitantes.

Os representantes cesarán por perda da súa condición de Concelleiro ou por substitución por outro Concelleiro.

Tódolos membros do Pleno da Mancomunidade terán voz e voto.

Actuará como Voceiro de cada Concello membro, o Alcalde-Presidente ou representante en que éste delegue.

Para a celebración de sesións polo Pleno da Mancomunidade en primeira e segunda convocatoria, é necesaria a asistencia dun tercio do número legal de membros do mesmo.

Celebrarase, polo menos, unha sesión ordinaria cada seis meses, establecéndose as datas da reunión polo Pleno na sesión constitutiva ou na inmediata seguinte.

As sesións extraordinarias celebraranse cando así o decida o Presidente ou a solicitude de dous tercios do número legal de membros.

A adopción dos acordos farase de conformidade ó disposto no artigo 47 da Lei de Bases de Régime Local 7/85 do 2 de abril.

#### *ARTIGO 10.—COMISIÓN DE GOBERNO*

A Comisión de Goberno da Mancomunidade intégrase por tódolos Alcaldes dos Concellos membros ou Concelleiros nos que deleguen, sempre que ostenten a condición de representantes no Pleno da Mancomunidade.

Na sesión constitutiva do Pleno da Mancomunidade ou na seguinte que se convoque, determinaranse enumerativamente os asuntos que o Pleno delegue na Comisión de Goberno, especificando, no seu caso, o alcance e extensión da mesma, sen que en ningún caso se poidan conferir delegacións en asuntos reservados ó Pleno nos presentes Estatutos, ou que por imperativo legal exista prohibición de delegación.

Para a válida constitución da Comisión de Goberno, estarase ó disposto en canto á esixencia de quorum, ó establecido para o Pleno da Mancomunidade.

A Comisión de Goberno celebrará reunións ordinarias mensuais e extraordinarias cando así o decida o Presidente ou a solicitude de dous tercios do número legal de membros.

A adopción dos acordos farase de conformidade ó disposto no artigo 47 da Lei de Bases de Régime Local 7/85 do 2 de abril.

O voto de cada membro da Comisión de Goberno será ponderado en función do número de representantes de cada Concello que integran o Pleno da Mancomunidade.

#### *ARTIGO 11.—PRESIDENTE*

O Presidente será o Alcalde do Concello de Vigo e ostentará a representación da Mancomunidade.

Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade exercerá a Presidencia da Mancomunidade quen legalmente o sustitúa nas súas funcións como Alcalde no Concello de Vigo.

#### *ARTIGO 12.—VICEPRESIDENCIAS*

Establécense tres Vicepresidencias, que teñen como funcións detectar necesidades e recursos e impulsar os intereses da Mancomunidade nas áreas territoriais que integran a mesma, informando de todo isto ó Presidente. Estas áreas son:

- Área do Louro-Condado, integrada polos municipios de Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.
- Área do Val Miñor, integrada polos municipios de Baiona, Nigrán e Gondomar.
- Área de Redondela-Norte, integrada polos municipios de Redondela, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes.

As Vicepresidencias, unha por cada área, serán desempeñadas con carácter rotatorio durante un ano polos Alcaldes-Presidentes dos Concellos, ou quen legalmente os substitúa no seu Concello, que integran cada área territorial, segundo orde alfabético destes últimos.

#### *ARTIGO 13.—FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL*

Crearanse os correspondentes postos de traballo de Secretario, Interventor e Tesoureiro con habilitación de carácter nacional, conforme ó disposto na Lexislación Vixente. En caso de vacante, estarase ó disposto nos nomeamentos provisionais e comisións de servicio e acumulacións previstas na lexislación de funcionarios con habilitación de carácter nacional e, mentres tanto, a Comisión de Goberno pode nomear para desempeñalas devanditas prazas un Secretario, Interventor ou Tesoureiro en funcións noutra praza doutro Concello da Mancomunidade.

Mentres non se crean os devanditos postos, actuarán como Secretario, Interventor e Tesoureiro da Mancomunidade quen desempeñen os cargos como titulares no concello de Vigo, ou quen, tendo habilitación de carácter nacional, actúen por substitución ou delegación de aqueles.

#### *ARTIGO 14.—XERENTE E DIRECTORES DE SERVICIOS*

- 1) Créase o posto de traballo de Xerente da Mancomunidade, persoal eventual coas características seguintes:

Titulación Superior con experiencia acreditada.

A súa retribución será fixada polo Pleno da Mancomunidade.

O seu nomeamento e cese serán efectuados polo Presidente que dirixá esta Mancomunidade ó principio e ó remate de cada mandato, óida a Comisión de Goberno.

Este posto de traballo figurará no cadro de persoal da Mancomunidade.

- 2) O Pleno da Mancomunidade poderá establecer postos de traballo de Directores de Servicios cando o estime oportuno para os servicios asumidos e xestionados pola Mancomunidade.

#### CAPITULO IV

##### ATRIBUCIÓNS DOS DIVERSOS ÓRGANOS

###### ARTIGO 15.—COMPETENCIAS DO PLENO

Corresponde ó Pleno da Mancomunidade dentro do ámbito das súas competencias e co alcance e extensión dos fins desta, sinalados no artigo 6 dos presentes Estatutos:

A modificación dos presentes Estatutos, cos requisitos legais esixidos pola lexislación vixente.

A disolución da Mancomunidade, nos supostos sinalados no artigo 29 dos Estatutos.

A admisión de membros novos na Mancomunidade.

A organización dos servicios sinalados no apartado 1) do artigo 6 dos Estatutos.

Potestades regulamentaria e de autoorganización.

Potestade tributaria e financeira nos termos establecidos para as Mancomunidades na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Potestade de programación ou planificación.

Por analogía cantas atribucións son conferidas ó Concello Pleno pola Lei 7/1985 de 2 abril reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986 e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

###### ARTIGO 16.—COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE GOBERNO

Corresponde á Comisión de Goberno tódalas atribucións que non estean reservadas ó Pleno da Mancomunidade ou ó Presidente, amais as que o Pleno ou a Presidencia lle delegue.

###### ARTIGO 17.—COMPETENCIAS DO PRESIDENTE

Correspónelle ó Presidente: O Presidente da Mancomunidade serao á vez da Asemblea Intermunicipal e do Pleno da Mancomunidade e terá as seguintes atribucións:

Convocar, presidir, suspender e levanta-las sesións e dirixi-las deliberacións.

Publicar, executar e facer cumprir os acordos da Asemblea e do Pleno da Mancomunidade, adoptando as disposicións que iso requira.

Dirixir e inspecciona-los servicios e obras da Mancomunidade para logra-la súa prestación con suxección ás decisións dos seus órganos de goberno.

Ostenta-la representación da Mancomunidade en toda clase de negocios xurídicos, podendo conferir mandatos para o exercicio de dita representación.

Presidi-las Mesas de licitacións en obras e servicios que se convoquen pola Mancomunidade.

A xefatura superior do persoal da Mancomunidade.

Por analogía cantas atribucións son conferidas ó Alcalde pola Lei 7/1985 de 2 abril reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986 e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

#### CAPITULO V

##### RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO

###### ARTIGO 18.—REXIME XURÍDICO

O funcionamento dos órganos de goberno e administración, o procedemento e o réxime xurídico da Mancomunidade axeitaranse ó disposto na vixente lexislación lccal no que non sexa incompatible coa propia natureza institucional da Mancomunidade, no que non estea previsto expresamente nos presentes Estatutos.

###### ARTIGO 19.—EFECTOS DOS ACORDOS

- 1) Os acordos adoptados polos órganos de goberno e administración da Mancomunidade de carácter ordinario, e sempre que se trate do cumprimento dos fins asumidos pola mesma, vencellarán ós municipios mancomunados.
- 2) Non terán carácter de acordos ordinarios, e esixirán a ratificación expresa de cada un dos concellos mancomunados, naqueles asuntos en que así proceda por imperativo legal.

#### CAPITULO VI

##### FACENDA

###### ARTIGO 20.—REXIME FISCAL

O réxime da Facenda da Mancomunidade será o establecido para as Entidades Locais municipais en xeral, e para estes entes asociativos intermunicipais en especial, pola lexislación de réxime local vixente no tocante á imposición e ordenación de tributos, xestión recadatoria, recursos económicos, presupostos, contabilidade e rendemento de contas.

**ARTIGO 21.—FONTES DE INGRESOS.**

- 1) Os ingresos da Mancomunidade provirán de medios establecidos na normativa vixente, e en especial na Lei Reguladora das Facendas Locais:

Ingresos de dereito privado.

Subvencións e outros ingresos de dereito público.

Taxas pola execución ou utilización dos seus servicios ou pola realización de actividades da súa competencia.

Prezos públicos que se establezan pola prestación de servicios ou realización de actividades administrativas da competencia da Mancomunidade.

Contribucións especiais para a execución de obras ou o establecemento, ampliación e mellora dos servicios da competencia da Mancomunidade.

Operacións crediticias.

Multas.

Avinzas dos concellos mancomunados.

Outras aportacións de bens de natureza inmóvel ou móble.

- 2) Será de aplicación, en verbo dos ingresos a que se refire o apartado anterior, o disposto para os concellos pola normativa vixente e en particular para as Mancomunidades.

**ARTIGO 22.—RECADACIÓN**

A Mancomunidade farase cargo da imposición e ordenación dos ingresos imputables ós servicios que execute ou ás obras que realice, así como da xestión recadatoria dos mesmos; se ben poderá concertar cos concellos membros o pagamento dunha avinza equivalente ou a recadación.

**ARTIGO 23.—APORTACIÓN DOS CONCELLOS**

As aportacións dos municipios mancomunados poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

- 1) Terán carácter de aportacións ordinarias as cuotas de cada municipio mancomunado destinadas a sufraga-los gastos da Mancomunidade e as de implantación e posta en funcionamento dos servicios que se establezan conforme ós criterios que a seguir se indican:

Primeiro.—Gastos xerais da Mancomunidade e adquisicións patrimoniais para sede e oficinas xerais:

A táboa de criterios debe establecerse proporcionalmente á súa poboación.

Anualmente, o Pleno da Mancomunidade debe determinar esta táboa de criterios baseándose para isto nos presupostos aprobados en cada concello. De non estaren aprobados no comen-

zo do exercicio, deben aplicarse provisionalmente aquelas porcentaxes correspondentes ó exercicio anterior que rexerán mentres non se poida fixar o definitivo, que terá efectos retroactivos.

Segundo.—Gastos de instalación e xerais de cada servizo:

Son gastos de instalación ou inversión aqueles que cómpren para o seu establecemento e mantemento. A avinza de cada un dos municipios mancomunados, e que disfrutan do servizo, tanto nos gastos de instalación como nos xerais do servizo nos que estean integrados, debe facerse sobre a base dos criterios que se establezan na súa implantación.

Terceiro.—As concertadas cos municipios mancomunados nos termos do artigo 21 destes Estatutos.

- 2) Terán carácter de avinzas extraordinarias todas aquelas que, ó teren por obxecto a ampliación e mellora do servizo, supoñan unha aportación económica dos municipios mancomunados.

**ARTIGO 24.—AUTOFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS**

En todo servizo prestado pola Mancomunidade, débese percura-lo autofinanciamento e, xa que logo, a progresiva absorción dos custos de amortización, funcionamento e mantemento, incluída a participación nos gastos xerais que lle fosen imputables.

A xestión económica dos servicios por parte da Mancomunidade debe de tender, xa que logo, á progresiva reducción das avinzas extraordinarias cara á súa supresión e mesmo á acumulación de reservas e fondos de inversión convenientes para limita-las aportacións extraordinarias ás xeradas pola asunción e implantación de novos servizos.

**CAPITULO VII****DO PERSOAL Ó SERVICIO DA MANCOMUNIDADE****ARTIGO 25.—DO PERSOAL Ó SERVICIO DA MANCOMUNIDADE**

O persoal ó servizo da Mancomunidade poderá ser funcionario ou laboral, segundo a natureza das funcións e de acordo co que se estableza no cadre de persoal e relación de postos de traballo, conforme ó establecido na Lexislación Básica Estatal e demás normativa Local de aplicación.

O Xerente ostentará a xefatura dos servizos administrativos da Mancomunidade, sen prexuízo das funcións dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, e aquellas atribucións que lle encomenden os Órganos de Goberno.

Os Directores de Servicios terán as funcións que ós mesmos se atribúan e colaborarán a nivel superior no Goberno e Administración da Mancomunidade.

As funcións administrativas e subalternas poderán ser exercidas polo persoal das respectivas escasas dos Concellos Mancomunados, retribuíndolle na forma regulamentaria prevista na lexislación de Régime Local.

## CAPITULO VIII

### MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

#### ARTIGO 26.—INCORPORACIÓN DE MUNICIPIOS

No suposto de que con posterioridade á aprobación dos Estatutos, se integre na Mancomunidade algún outro municipio, practicaríase previamente no expediente de aceptación do novo Concello membro a determinación das aportacións que o novo municipio teña que aboar á Mancomunidade como compensación ó estado das instalacións xerais e servicios nos que se integrase con plenitude de dereitos.

#### ARTIGO 27.—SEPARACIÓN DE MUNICIPIOS

A separación dun municipio do seo da Mancomunidade poderá ser:

##### 1.—Causas:

Voluntaria. Os municipios membros poderán separarse da Mancomunidade por acordo do Concello respectivo, e sen prexuízo de cumpri-las obrigas validamente contraídas anteriormente.

Forzosa. Cando un municipio incumpra reiteradamente as obrigas económicas coa Mancomunidade, ata o punto que faga difícilsoa por demais a súa xestión económica, e afecte a propia viabilidade da Mancomunidade, o Pleno da Mancomunidade poderá acordar a súa expulsión.

##### 2.—Efectos:

A separación levará consigo o pagamento das débedas pendentes polos diversos conceptos e indemnizacions no seu caso.

#### ARTIGO 28.—MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

A modificación dos presentes Estatutos faraa o Pleno da Mancomunidade, a proposta de calquera dos concellos mancomunados, e deberá aprobar os concellos respectivos na forma disposta para a súa aprobación pola lexislación local vixente.

#### ARTIGO 29.—DISOLUCIÓN

- 1) A disolución da Mancomunidade producirase en calquera dos seguintes casos:
  - a) Por imperativo legal.
  - b) Cando o acorde o Pleno da Mancomunidade, co quorum legalmente esixible.
  - c) Cando resulte inviable técnica e económico-  
camente a súa continuación pola separa-

ción de un ou máis dos municipios mancomunados.

2) O acordo de disolución conterá ó menos o seguinte:

- a) A forma na que se ha de proceder á liquidación do patrimonio da Mancomunidade.
- b) A subrogación de cada un dos municipios mancomunados nos seus bens, dereitos e obrigas, na proporción que corresponda en relación ás súas aportacións.
- c) A nova adscripción que teña que darse ó persoal.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA VICEPRESIDENCIAS

Conforme ó artigo 12 dos presentes estatutos, as Vicepresidencias da Mancomunidade serán ostentadas inicialmente polos concellos de Salvaterra de Miño, Nigrán e Soutomaior.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA AVALIACIÓN ECONÓMICA DOS SERVICIOS

- 1) Para a avaliación económica dos servicios xa existentes nos municipios mancomunados e que se integren na Mancomunidade, hanse de utilizar os servicios dunha empresa consultora, previo o acordo da Comisión de Goberno.
- 2) O mencionado no apartado anterior tamén rexerá para a avaliación de aportacións para novos servicios.”

A modificación de Estatutos rexerá inmediatamente de transcorrer os quince días hábiles da publicación completa do texto precedente.

O Secretario Xeral, Marcial Garcinuño Sáez.—Vº e Prace, O Presidente, Agustín Reguera Ocampo.

4465

\*\*\*\*\*

## Audiencia Provincial

### PONTEVEDRA

Don José Andrés Salgado Fernández, Secretario Judicial de la Sección Segunda de la Audiencia Provincial de Pontevedra.

Certifico: Que en el rollo de apelación civil número 60/96, dimanante de autos número 161/82, del Jdo. 1ª Inst. e Instr. Ponteareas-1, en el día de la fecha se ha dictado la siguiente:

Apelación civil.—Rollo: 60/96. Asunto: Testamentaria. Número: 161/82, Procedencia: Jdo. 1ª Inst. e Instr. Ponteareas-1.

Auto nº 38.—Ilmos. Sres. Presidente: D. Rafael Martínez Sánchez.—Magistrados: D. Juan Manuel Lojo Aller, D. Antonio Gutiérrez Rodríguez-Mol-